

OS LIBROS DE NON FICCIÓN PARA A INFANCIA E A MOCIDADE: UNHA MIRADA DENDE AS AULAS DE CIENCIAS E MATEMÁTICAS

PENA PRESAS, MONTSE; GONZÁLEZ SEQUEIROS, PABLO

Departamento de Didácticas Aplicadas, Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Xa dende a segunda metade do século XX, a escola empregaba libros de aprendizaxes variadas, tamén chamados informativos ou documentais (Garralón, 2013; Lartitegui, 2019) que habitualmente apoiaban a formación en diferentes materias, como podían ser os atlas, as enciclopedias ou os dicionarios ilustrados dirixidos ao público escolar. Non obstante, na actualidade esta tipoloxía de volumes cambiou considerablemente, como resultado de experimentar coa forma, converténdose en libros de gran tamaño, coidadosamente ilustrados, tamén documentados con gran precisión, innovadores no seu deseño e nos que se aprecia unha evidente fusión entre a información e o entretemento. Dado que nos libros para público adulto existe a categoría non ficción, a denominación actual preferida pola crítica é a de libros ilustrados de non ficción, que divulgou no contexto ibérico Taberero Sala (2022).

O obxectivo deste obradoiro é achegar as características e funcionalidades dos libros ilustrados de non ficción a través de dúas propostas científicas centrada nas problemáticas ambientais e na promoción de afectos positivos cara as matemáticas.

2. Fundamentación teórica

Os libros de non ficción promoven a curiosidade do público infantil e xuvenil e favorecen que os lectores constrúan un coñecemento compartido que se afaste da simple obtención de datos illados dos que dispoñen na rede con total facilidade (Taberero Sala, 2022). Por este motivo é tan interesante o seu emprego nas aulas de diferentes niveis, en particular nas aulas de ciencias.

No que respecta ao libro de non ficción sobre ciencias especificamente, podería definirse como un tipo de obra variado que inicia, divulga e favorece o pensamento de temas clave que se abarcan nestas materias podendo non só vinculalo cos conceptos, senón tamén con elementos estéticos que permitan a visualización dos mesmos. Existe un abano temático moi diverso, monografías sobre o universo (que á vez están relacionados con outras temáticas como acontece en *Estamos aquí* de Oliver Jeffers), volumes centrados en animais concretos (en ocasións desde perspectivas pouco convencionais, como *Perros y gatos* de Steve Jenkin), sobre o corpo humano que nos últimos anos evolucionaron cara obras que traballan a sexualidade (sendo quizais o máis popular *La regla mola* de Anna Salvia e Cristina Torrón), as biografías sobre científicas (con exemplos moi coñecidos como *Mujeres de ciencia. 50 intrépidas pioneras que cambiaron el mundo* de Rachel Ignotofsky) ou obras que promoven a conciencia ambiental os cales son cada vez máis numerosos e que se abordan no presente obradoiro. No ámbito matemático tamén existe moita diversidade de libros ilustrados de non ficción, dende os que pretenden responder a que son as matemáticas a través dunha presentación atractiva e divertida de contextos propiamente matemáticos ou

contextos cotiás nos que podemos aplicalas (ao estilo de *El libro de las matemáticas* de Anna Weltman e Paul Boston), entre eles algúns máis enfocados a amosar como funciona o razoamento matemático (como é o caso de *Matemática-mente*), outros dirixidos a unha comprensión amable de tópicos concretos (á maneira de *El truco de las fracciones* de Anna Cerasoli), ou á aplicación das matemáticas para comprender o mundo natural (*Papá, ¿cómo se enroscan las caracolas?* de Luisma Escudero é un exemplo), ata libros que amosan as matemáticas como un entretemento (por exemplo, varios de maxia e matemáticas, como *Magia matemática* de Miguel Capó) que achegan así recursos para traballalas na aula de maneira lúdica.

Con esta variedade temática, o libro de non ficción que aborda cuestións relacionadas co ámbito científico conta cun potencial educativo que debería ser explorado nos próximos anos, tendo en conta, ademais, que as mestras e mestres amósanse partidarios da introdución deste recurso na aula para mellorar o rendemento académico das alumnas e alumnos, se ben aducen que necesitarían unha maior formación para a súa axeitada explotación (Trigo-Ibáñez et al., 2023).

3. Proposta do obradoiro

O obradoiro presentará o concepto e as funcionalidades dos libros de non ficción para público infantil e xuvenil de contido científico-matemático. Estes materiais poden ser un recurso didáctico de interese para o profesorado dos diferentes niveis educativos, mais é necesaria unha familiarización coas diferentes tipoloxías que presentan e cos aspectos metodolóxicos implicados no seu uso.

Por este motivo, o obradoiro constará de dúas partes. Unha primeira, na que se manexarán diversas obras de contido científico e se presentarán as súas potencialidades, prestando especial atención aos diferentes modos de lectura que se activan ao traballar con estes materiais. Unha segunda, na que se desenvolverán de xeito paralelo unha proposta didáctica de ciencias centrada na exploración de problemáticas ambientais na cal este tipo de libros son o principal recurso e unha xincana matemática na cal os libros de non ficción axudarán a resolver os retos.

4. Conclusións

Ademais de dar a coñecer os potenciais educativos dos libros de non ficción infantís e xuvenís, este obradoiro concíbese como unha oportunidade para provocar a curiosidade do profesorado, suxerir títulos que sexan de utilidade e comezar a explorar estratexias metodolóxicas para o seu uso na aula.

5. Referencias

- Garralón, A. (2013). *Leer y saber: los libros informativos para niños*. Tarambana.
- Lartitegui, A. (2019). *Alfabeto del libro de conocimientos. Paradigmas de una nueva era*. Pantalia Proyectos.
- Tabernero Sala, Rosa (coord.) (2022). *Leer por curiosidad. Los libros de no ficción en la formación de lectoras y lectores*. Graó.
- Trigo-Ibáñez, E., Sánchez-Arjona, E., e Saiz-Pantoja, R. (2023). Libros ilustrados de no ficción, alternativa al libro de texto: ¿deseo o realidad? *Revista Colombiana De Educación*, (89), 409–434. <https://doi.org/10.17227/rce.num89-17368>